


XIX feira de fungos e cogomelos



Sábado **1**
novembro '08
AS PONTES

Recinto da feira:
Colexio Sta. María
e contorno

concurso de cestas de fungos
degustación - menú micolóxico
feira do mel artesán
mostra de produtos de outono
animación de rúa
exposición o mundo da micoloxía
mostra folclórica vila de as pontes



XIX feira de fungos e cogomelos



As Pontes, sábado 1 de novembro de 2008

Colexio Sta. María e contorno

De 9.30 a 11.00h Presentación de cestas ao **CONCURSO DE FUNGOS**. As cestas estarán expostas ao público ao longo de toda a mañá no [soportal do mercado municipal](#), (ver bases)

10.30h Apertura das **Exposicións**

- **IX FEIRA DO MEL ARTESÁN** – Recinto da feira.

- **PRODUCTOS ECOLÓXICOS E DE OUTONO**, fungos e cogomelos frescos e envasados, algas, doces, derivados do mel, lácteos, hortalizas ecolóxicas e outros produtos. (Rúa Alexandre Bóveda)

- Concurso **O MUNDO DA MICOLOXÍA**. Casa D. Pedro

ACTIVIDADES DA FEIRA

- **11.30 h Maridaxe de cogomelos e viño**. A maridaxe consiste en complementar axeitadamente o viño e a comida. Esta integración débese buscar a través dos sabores e as texturas. Impartido polo experto en cociña e docente Jesús Blanco Rey. (Casa D. Pedro)

- **12.00 h Degustación de mel e queixo do Eume**. Ás propiedades beneficiosas do mel xuntánselle as nutricionais do queixo. Cortesía da asociación AGA-Eume e Queserías do Eume. (Casetas do mel)

- **12.30 · 13.00 · 13.30** 3 pases de elaboración e degustación de diversos pratos cociñados con fungos. (caseta Nº 1).

- **12.30** Degustación de chocolates e cafés do mundo. (Caseta Comercio Xusto).

- **13.30** Degustación de produtos do Eume. (Caseta Agroalimentaria).

12.30h Entrega de premios: concurso de fungos e o mundo da micoloxía

DEGUSTACIÓN (de 13.00 a 15.00H) PREZO: 9 €

- Empanada rechea de fungos variados e atún
- Callos con garabanzos, *Marasmius oreades* e *Lactarius deliciosus*
- Breseado de porco con variado de fungos e hortalizas
- Requeixo do Eume con marmelada de *Cantharellus cibarius*, melocotón e licor

Bases CONCURSO DE FUNGOS

1ª O Concurso de Fungos das Pontes organízase co desexo de fomentar a afección á micoloxía e ter un coñecemento máis exacto das especies micolóxicas da zona.

2ª Para concursar deberán presentarse exemplares dun mínimo de **10 especies** distintas de cogomelos silvestres. Os concursantes deberán identificalos e poñer nome nos cogomelos que presenten. Os concursantes deberán ter cando menos 18 anos que acreditarán presentando o DNI. Cada concursante só poderá participar cunha cesta.

3ª O xurado estará formado por persoas entendidas na materia que valorarán a clasificación, estado e variedade das especies presentadas. Ademais no premio especial atenderase a súa presentación e exemplares máis raros.

4ª As inscricións poderán realizarse no **Dpto. de Cultura** antes da feira (**telf. 981 44 03 44 · cultura@aspontes.org**), e o día da feira ata as 11.00h. Aínda que para a admisión de inscricións terase en conta a adaptación á infraestrutura e xestión da feira, polo que no caso de que o número de participantes sexa superior ás prazas dispoñibles, a selección das cestas participantes farase por orde de inscrición.

5ª A presentación a concurso será dende as 9.30h ata as 11.00h, a partir desta hora, momento no que o xurado comezará a facer a valoración das cestas, non se admitirán máis participantes.

6ª Os concursantes deberán manter a súa exposición particular ata alomenos as 14.00h, procedendo seguidamente a retirar os exemplares.

Dende o momento de presentación da cesta ata a total recollida da mesma o concursante deberá facerse cargo da mesma.

7ª O xurado reservase o dereito de declarar deserto algún dos premios e as súas decisións serán inapelables. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases

PREMIOS

1º **300 €** · 2º **180 €** · 3º **120 €**
4º **60 €** · 5º **60 €** Premio especial **300€**

Premio de **30€** a todos os participantes non premiados nas anteriores categorías.

Amenizarán a Feira: **Os Trevillas e Banda de Gaitas**